



Estas escaleiras foron construidas, hai anos, por David Freire Porta, tío avó por línea paterna, de Sabela e Dana.

Un día, tempo andado, David estaba na costa e unha onda tirouno ó mar. Durante días e días buscaron o seu corpo e non aparecía... e logo dun mes o mar botouno nas escaleiras que el construira... e poidéronlle dar sepultura no cemiterio...

O feito de que aparecera xusto nas escaleiras emocionou moito á xente...

A herba de namorar ou herba namoradeira, herba empreñadeira ou caravel mariño (Armeria pubigera ou Armeria marítima) tamén está nos beiras altas dos cantís da Virxe do Porto, como en Santo André de Teixido e como, en xeral, en toda a nosa alta costa... A flor desta herba soe ser máis azulada ca do modelo...











Lanzar pedras e pedriñas á auga, recoller pedras curiosas, observar como subía a marea... foron algúns dos entretenimentos lúdicos...





Tamén volvimos conta-lo conto de Pepiño, María e a tartaruga que se desorientou en alta mar... de Sabela, que tanto lles gusta...

Aproveitamos a merendar e a xogar polos penediños da



praia observando...
E lanzando algunha pedra...
A pesares dos avisos... polo perigo que supoñía darlle a alguén...
¡¡Hai que obedecer sempre e á primeira...!!
Vale?





